

BOOGIE NIGHTS

Paul Thomas Anderson, 1997

1604

ESTREA EN NUMAX: 02.09.2025 | V.O.S.E. | 156 min

A finais dos 70, Jack Horner, un director de cine porno que considera o seu traballo unha forma de arte, descobre a Eddie Adams, un mozo inxenuo que desexa triunfar e que ten unhas características físicas moi axeitadas para este tipo de cinema. Eddie muda de nome polo de Dirk Diggler, adaptación axiña ao novo estilo de vida e convértese nunha grande estrela do porno.

«Anderson demostra que un filme pode ser descaradamente honesto e compasivamente humano ao mesmo tempo»

Peter Travers, ROLLING STONE



A máxima expresión dos ideais do soño americano

Por Déborah García

En *Boogie Nights*, Paul Thomas Anderson revélase como un excelente director. Planos secuencias que rozan a perfección, escenas grupais, coreografías de baile, primeiros planos incisivos... *Boogie nights* é tamén a obra dun director de apenas 27 anos que abraza a tradición cinematográfica de directores como Martin Scorsese ou Robert Altman, e tamén o traballo dun director que desde os seus primeiros traballos mostra unha maneira para conducir a narración moi persoal. Esa forma na que Anderson deixa interrompida a narración para logo volver abordala sen media res, e sobre todo a procura desesperada de unidade que se desprende da coralidade, é un dos sinais máis significativos do director. Unha unidade moi conseguida nesta película e en *Magnolia* (2000), pero case imposible de atopar en obras posteriores como *Punch-Drunk-Love* (2002) e en *Pozos de ambición* (2007). O que aínda converte estas dúas últimas obras en traballos moitísimo máis autorais.

Anderson en *Boogie Nights* non só se mostra como un director sumamente capacitado para o técnico (pensemos nos planos secuencia) e as escenas grupais, tamén é un gran director de actores. Os nomes dos secundarios, (se é que hai secundarios) que aparecen nesta película son os mesmos que desde finais dos noventa van protagonizar algunhas das películas máis importantes da década: Philip Seymour Jr., John C. Reilly, Don Cheadle ou William H. Macy.

O que fai tan especial a *Boogie Nights*, ademais da súa impresionante banda sonora, as excelentes interpretacións e a súa perfección técnica, é a maneira tan prodixiosa na que Anderson capturou o espírito dos setenta. O colorido que se desprende do grupal, onde cada personaxe foi descrito á perfección, atendendo os máis pequenos detalles, manifesta a importancia da escritura dos guións de Anderson. Só hai que pensar en personaxes como a moza patinadora (Heather Graham) ou Buck o cowboy negro (Don Cheadle). Eses personaxes que brillaban literalmente baixo as luces do neón, son durante a segunda parte da película seres esgotados e consumidos, o resultado dunha década de exceso, cuxa única posibilidade de redención é a volta a casa.

Paralela á evolución de Eddie e de case todos os personaxes desenvólvese tamén a evolución da industria do cinema porno. A idea romántica coa que comeza *Boogie Nights* sobre o mundo do cinema para adultos, dá paso a unha consideración do medio moito máis escura. Sen dúbida, os hedonistas setenta deron paso a un desoladores oitenta.

Na película Paul Thomas Anderson fai aparecer a industria do porno como a máxima expresión dos ideais do soño americano. Personaxes como o de Eddie Adams, saídos da nada máis absoluta, chegando a alcanzar a fama e o diñeiro, sendo capaces de obter todo e de perdelo todo. O director tamén fai referencia ao contexto hipócrita no que vivían os Estados Unidos de finais dos setenta. Unha sociedade que se mostraba máis represiva que nunca pero que consumía porno tamén como ningunha outra. Dúas escenas fan fincapé nesta idea. A primeira é a de Jack paseándose por un almacén cheo de copias de cintas de vídeo. A segunda aquela en a que Amber Waves (Julianne Moore) se cita co seu ex marido para revisar a custodia do seu fillo. O seu marido acúsaa de facer pornografía, de consumir drogas... en realidade non hai un chisco de mentira no que el di, pero o que manifesta o filme máis aló da lectura superficial, é esa dobre moral da sociedade norteamericana.